



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 7 de abril de 2016

Hora de comezo: 14.20 h

Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo expediente do requirimento de limpeza de leiras no lugar de Eirexe – Sergude**
- 3. Solicitude subvención “Programa de socorrismo, FOO23B, ano 2016”**
- 4. Aprobación de facturas**
- 5. Pagamento IVTM dos vehículos cedidos pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil**
- 6. Aprobación contrato de prestación do servizo para o mantemento eléctrico da planta de bombeo de auga de Donas e da ETAP de Orto**
- 7. Altas no inventario de bens do Concello de Boqueixón**
- 8. Aprobación convenio para a prestación do servizo urbano de recollida de aceite de cociña usado no Concello de Boqueixón**
- 9. Inicio contratación do xantar “Encontro de Maiores 2016”**
- 10. Aprobación prezos do xantar “Encontro de Maiores 2016”**
- 11. Prórroga do convenio de colaboración entre os Concellos de Vedra-Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado**

12. Solicitude subvención voluntariado xuvenil, ano 2016
13. Licenzas urbanísticas
14. Concesión altas abastecemento/saneamento
15. Comunicación dos importes polas acometidas e contadores, así como baixas e cambios de titularidade do servizo de abastecemento e saneamento, 1º trimestre 2016
16. Baixas tarxetas estacionamento para persoas con discapacidade
17. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de marzo do 2016.

2. Arquivo expediente do requirimento de limpeza de leiras no lugar de Eirexe – Sergude

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 17 de marzo de 2016, punto número 3 da orde do día “Requirimento de limpeza de leiras no lugar de Eirexe – Sergude”, acordouse deixar o citado punto sobre a mesa, posto que xurdiron dúbidas sobre a titularidade das parcelas, “no senso de si están ou non embargadas”.

As parcelas a limpar, tal como se sinala no informe técnico de data 14 de marzo de 2016, que se transcribe íntegro, eran as seguintes: *“Feita inspección técnica no lugar de Eirexe – Sergude, compróbase que existe unha vivenda unifamiliar rodeada de varias parcelas que teñen abundante biomasa vexetal, en evidente estado de abandono. Elo supón unha situación de insalubridade.*

A vivenda unifamiliar está situada no polígono 27, parcela 2060. Lugar de Eirexe número 30.

As parcelas con abundante biomasa vexetal son:

- *Parcela número 934, polígono 27*
- *Parcela número 19060, polígono 27*
- *Parcela número 3060, polígono 27*
- *Parcela número 18060, polígono 27*
- *Parcela número 5060, polígono 27*
- *Parcela número 6060, polígono 27*
- *Parcela número 4060, polígono 27*
- *Parcela número 17060, polígono 27*

Axúntase reportaxe fotográfica.”

Con data 22 de marzo de 2016, número de saída 16/230, polo concello remitiuse escrito á Deputación Provincial da Coruña, Tesourería, Servizo Provincial de Recadación, Zona 3, solicitando a identificación das fincas rústicas adxudicadas en poxa 2010, expediente 35006733.

Con data 4 de abril de 2016, sinálase no informe técnico asinado polo coordinador de obras e servizos do concello que: *“Feita inspección técnica no lugar de Eirexe – Sergude, compróbase que existe unha vivenda unifamiliar rodeada de varias parcelas*

A vivenda unifamiliar está situada no polígono 27, parcela 2060. Lugar de Eirexe número 30.

Procedeuse coa limpeza da maleza nas seguintes parcelas que rodean á vivenda unifamiliar:

- *Parcela número 934, polígono 27*
- *Parcela número 19060, polígono 27*
- *Parcela número 3060, polígono 27*
- *Parcela número 18060, polígono 27*
- *Parcela número 5060, polígono 27*
- *Parcela número 6060, polígono 27*
- *Parcela número 4060, polígono 27*
- *Parcela número 17060, polígono 27*

Axúntase reportaxe fotográfica.”

Con data 5 de abril de 2016, número de entrada 16/629, pola Deputación Provincial da Coruña, Tesourería, Servizo Provincial de Recadación, Zona 3, remítese informe sobre a identificación das fincas rústicas, expediente número 2010EXP35006733, indicando que:

“No expediente número 2010EXP35006733 aberto en esa zona a nome de xxxxx, non se realizaron adxudicacións, por producirse a liquidación total do expediente mediante ingreso previo á constitución da Mesa de Subasta”.

Polo exposto e tendo en conta que se procedeu coa limpeza das citadas parcelas no lugar de Eirexe – Sergude, as cales rodean unha vivenda unifamiliar, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra xxxxx, propietario das parcelas:

- Parcela número 934, polígono 27
- Parcela número 19060, polígono 27
- Parcela número 3060, polígono 27
- Parcela número 18060, polígono 27
- Parcela número 5060, polígono 27
- Parcela número 6060, polígono 27
- Parcela número 4060, polígono 27
- Parcela número 17060, polígono 27

por procederse cos traballos de limpeza de biomasa vexetal nas citadas parcelas.

2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo ó interesado.

3. Solicitude subvención “Programa de socorrismo, FOO23B, ano 2016”

No BOP nº 46 do mércores 9 de marzo 2016 saíu publicada a convocatoria do Programa de socorrismo para concellos da provincia de A Coruña para o exercicio 2016.Coa referencia FOO23B.

Este concello, debido a que ten piscina municipal,ten a obriga de prestar o servizo de salvamento acuático para cumprir a lexislación vixente.

A contratación deste servizo sería dende o 24 de xuño ó 31 de agosto, tempada de apertura da piscina municipal, e o custo total da contratación sería de 4.000 €, sendo polo mesmo importe a subvención solicitada.

Á vista das bases de ditas convocatorias a Xunta de Goberno acorda:

- 1.Solicitar a participación na convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da coruña durante o exercicio 2016 por un importe de 4.000 € sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.
- 2.Dispoñer dos fondos necesarios para execución da contratación do persoal.
3. Declarar estar o corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación Provincial da Coruña.
4. Autorizar a Diputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente das obrigas tributarias.
- 5.Acreditar ter elaboradas ,rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2014.
- 6 Aprobar a memoria explicativa das actividades e funcións que realizará o persoal contratado que se vai a realizar, nas cales se indican tanto o número de persoas beneficiarias pola axuda como o calendario.
7. Designar o seguinte correo electrónico: deporte@boqueixon.com para os requerimentos,comunicacións de trámite e completar a documentación
8. Comprometerse a facer constar, en todo tipo de información que se realice no desenvolvemento da actividade subvencionada , a colaboración da Diputación Provincial da Coruña.
9. Nomear a don Ovidio rodeiro Tato como representante para as relacións con esta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña.
10. Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.

4. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 37.394,36 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida de papel e cartón	162.3.212.00	388,98
2	Talleres Sánchez Rey,SC – Reposición faro dianteiro pa retroescavadora	135.213.00	59,91
3	Ferrecal, SA – Material para servizo de abastecemento	161.212.00	443,13
4	Hnos. Couto Fandiño, SL – Arranxo de ponte en Donas (con cargo a seguro)		8.000,00
5	Almacenes Redondo – Reparacións varias de abastecemento de auga e outros	161.212.00	259,65

6	Grafideas, SC – Rotulación en vinilo para 3 vehículos municipais	135.213.00	217,80
7	Probisa – Aglomerado para reparación de fochancas	153.2.212.00	235,56
8	Almacenes Redondo – Materiais para reparación beirarrúas en Lubián	153.2.212.00	156,56
9	Editorial Compostela, SA – Subscrición anual xornal El Correo Gallego	920.220.01	440,00
10	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reposición poste e farol por sinistro (con cargo a compañía de seguros)	151.212.00	2.260,57
11	Gráfica de Asturias,SL – Encadernación libros de Decretos, Xuntas de Goberno e Plenos ano 2015	920.220.00	179,69
12	Compostelana de Gas 2011, SL – Cargas de gas para pavillón e campo de fútbol Forte	342.221.02	243,75
13	Compostelana de Gas 2011, SL – Revisión instalación de gas en pavillón	342.212.00	102,00
14	Liquidación de gastos de Ana Anta Fernández – desprazamentos visitas domicilios e asistencia a xornadas	920.230.20	66,90
15	Talleres Sánchez Rey, SC – Reparación da pa retroescavadora e do tractor	135.213.00	1.085,29
16	La Voz de Galicia,SA – Inserción banner na web de La voz de Galicia para mellora comunicación (turismo) – Gasto aprobado na Xunta de Goberno do 21/01/2016	432.226.02	1.331,00
17	Gallega de Suministros Industriales 2020,SL – Papel hixiénico para instalacións municipais	920.212.00	54,89
18	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor concello mes de abril	920.213.00	77,08
19	Neumáticos Abraldes – Arranxo e reposición de rodas e varios en vehículos municipais	135.213.00	703,05
20	Ferrecal, SA – Material para servizo abastecemento de auga	161.227.99	474,97
21	Laber suministros – Checker digital de cloro total	161.212.00	290,40
22	Probisa – Aglomerado para reparación de fochancas	153.2.212.00	174,77
23	David Fernández Neira – Servizo actividades deportivas e culturais mes de marzo – segundo contrato	341.226.09	2.245,76
24	Seguros Bilbao, SA – Seguro anual dos locais municipais	920.224.00	7.053,60
25	Otero Caritón,SL – Materiais para reparacións e mantementos vehículos e maquinaria municipal	135.213.00	334,11
26	Carpimetal Boqueixón, SL – Materiais e arranxos varios mantementos municipais	151.212.00	1.147,08
27	Montouto Reparaciones, SL – Arranxo camión do lixo	162.1.213.00	4.222,95
28	Comercial Sánchez y Torres, SC – Reparacións varias maquinaria	920.213.00	290,34
29	Liquidación de gastos de Tetiana Andriushko – gastos desprazamento voluntaria	920.230.20	22,70
30	Mudanzas Boquete – Traslado mobiliario de almacén Xunta para biblioteca municipal	332.1.226.99	900,00
		Importe	33.462,49

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
31	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Prot. Civil mes de febreiro	920.22200	30,75
32	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono alarma mes de febreiro	920.22200	40,90
33	Telefónica España, SAU – Consumo telefónico centraliña mes de febreiro	920.22200	511,85
34	Telefónica España, SAU – Consumo telefónico Escola infantil Raiña Lupa mes de febreiro	920.22200	54,47
35	Telefónica España, SAU – Consumo telefónico oficina de correos mes de febreiro	920.22200	25,68
36	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de marzo	920.216.00	594,00
37	Telefónica España, SAU – Abono en factura teléfono 981 513000	920.22200	-0,53

38	Telefónica España, SAU – Abono por reclamación efectuada por facturación decembro - xaneiro	920.22200	-131,27
39	Vodafone – Servizo mensared do 15/02/16 ó 14/03/16	920.22200	14,54
40	Telefónica Móviles España, SA – Facturación outros gastos de móbiles non computados na tarifa plana – do 18/02/16 ó 17/03/16	920.22200	4,55
41	Telefónica Móviles España,SA – Consumo internet obradoiro de emprego do 18/02/16 ó 17/03/16	920.22200	21,91
42	Telefónica España,SAU – Consumo telefónico móbiles + fax (fusión) do 18/02/16 ó 17/03/16	920.22200	446,57
43	Correos y Telégrafos – Servizo de correos mes de marzo	920.222.01	400,60
44	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnico – urbanística mes de marzo – contrato	151.227.00	1.917,85
		Importe	3.931,87

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa, SL que suman un importe total de 1.235,84 euros.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN160300268046	ES0111000009304046LB0F	135,62	Alum. Púb. Granxola-Codeso	12/03/16	24/12/15 a 25/02/16
1CSN160300268050	ES0111000009304058CT0F	420,02	Lugar Loureiro - Pousada	12/03/16	24/12/15 a 25/02/16
1CSN160300268059	ES0111000009305006SM0F	194,71	Lugar Donas	12/03/16	24/12/15 a 25/02/16
1CSN160300268086	ES0111000009313013HP0F	414,55	Lugar Camporrapado	12/03/16	28/12/15 a 26/02/16
1CSN160300268120	ES0111000009313064CJ0F	70,94	Lugar Devesa	12/03/16	29/12/15 a 26/02/16
	TOTAL	1.235,84 €			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Con data 21/03/16, tivo entrada no rexistro municipal a factura correspondente ó transporte dos alimentos que a Cruz Vermella dona ó Concello de Boqueixón.

O día 5 de abril, tivo entrada a factura correspondente ó servizo de taxi que os usuarios de Servizos Sociais utilizan para poder recoller os alimentos entregados polo concello.

Desde sempre, estes custos impútanse á subvención que a Deputación da Coruña concede para o programa de emerxencia social.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura emitida por Galitrans-96, SL o día 18/03/2016 polo concepto de transporte alimentos desde Coruña (Cruz Vermella) ata Boqueixón polo importe de 290,40 euros.

-Aprobar a factura emitida por José xxxxx o día 04/04/2016 polo concepto de servizo de taxi que utilizaron 4 usuarios/as para a recollida dos alimentos entregados o día 4 de abril por importe de 41,25 euros

-Facer o pagamento con cargo á subvención que a Deputación da Coruña conceda para emerxencia social.

5. Pagamento IVTM dos vehículos cedidos pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil

A Agrupación de V.P.C de Boqueixón recibe o correspondente imposto de circulación de 3 vehículos que no seu momento foron cedidos en uso a este concello e que está utilizando nestes intres.

Tal e como se explicaba o pasado ano, ó non ter a propiedade o concello, os impostos non poden ser anulados, xa que a ordenanza municipal dí que poderán ter a exención no caso de que a propiedade sexa municipal e se dediquen á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar os recibos do imposto de circulación do ano 2016 dos seguintes vehículos e polo importe correspondente:

Vehículo	Matrícula	Importe
Fiat Doblo	1600GZL	63.42 €
Tractor Claas Arion 420	E2003BFV	41.66 €
Fiat Doblo	1599GZL	63.42 €

Facer o pagamento antes do día 18 de maio que é a data de vencemento para o inicio da via executiva

6. Aprobación contrato de prestación do servizo para o mantemento eléctrico da planta de bombeo de auga de Donas e da ETAP de Orto

Con ocasión da xestión directa do servizo de abastecemento de auga potable, precísase dunha empresa que preste o servizo do mantemento eléctrico das instalacións que conforman a estación de tratamento de auga potable situada en Orto e do bombeo de Donas, e que atenderá os incidentes que acontezan ó longo do ano, con tal de acadar un funcionamento óptimo deste servizo.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda aprobar o seguinte contrato que se asina con Instalaciones y Servicios Eléctricos Marei, SL e que a continuación se transcribe literalmente:

CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO ELÉCTRICO DA PLANTA DE BOMBEO DE AUGA DE DONAS E DA ETAP DE ORTO.

INTERVEÑEN

Dunha parte D. Ovidio Rodeiro Tato en nome e representación do Concello de Boqueixón con NIF xxxxx e domicilio en Forte, s/n – 15881 – Boqueixón.

Doutra parte D. José Luis xxxxx en nome e representación da empresa INSTALACIONES Y SERVICIOS ELECTRICOS MAREI, S.L. con C.I.F xxxxx e domicilio fiscal en Freande, nº 22 – Camanzo (Vila de Cruces) (No sucesivo O CONTRATISTA)

As partes na representación que ostentan, recoñecen a capacidade necesaria para o outorgamento e formalización deste contrato de mantemento eléctrico da planta de bombeo de auga de Donas e da ETAP de Orto.

EXPOÑEN

O CONTRATISTA é unha sociedade dedicada a cubrir servizos de mantemento preventivo de instalacións eléctricas

Que Concello de Boqueixón, está interesado en contratar os servizos ofertados polo CONTRATISTA para o mantemento eléctrico da planta de bombeo de auga de Donas e da ETAP de Orto.

As partes manifestan a súa conformidade e vontade de formalizar este contrato de mantemento de acordo coas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

E obxecto deste contrato a prestación por parte do CONTRATISTA do servizo de mantemento eléctrico das plantas de bombeo de Donas e Orto.

Os traballos que se van a realizar nas instalacións son os seguintes:

MANTEMENTO BAIXA TENSIÓN

1. Limpeza e axustes dos cadros eléctricos. (con frecuencia semestral)
2. Inspección visual de tódalas instalacións do servizo (con frecuencia semestral)
3. Comprobación de cadros, verificando a correcta identificación dos mesmos y de tódolos seus compoñentes, así como o grao de conservación, estado de pintura e aperturas. (con frecuencia semestral)
4. Verificación de interruptores diferenciais mediante inxección dunha anomalía para provocar a súa actuación. (con frecuencia semestral)
5. Comprobación de proteccións por sobre intensidade, verificando as actuacións destas e o correcto axuste para a sección destas. (con frecuencia semestral)
6. Medición de terras e comprobación da continuidade destas. (con frecuencia semestral)
7. Medición do illamento das liñas principais. (con frecuencia semestral)
8. Informe detallado de tódolos defectos encontrados despois da revisión. (con frecuencia semestral)
9. Adaptación de esquemas unifilares de cadros de mando e protección.

PLAN DE TRABAJO:

Coa periodicidade requirida en cada momento polo Concello de Boqueixón, a empresa contratista elaborará e entregará un plan de traballo concreto, no que comunicará as incidencias que se produzan na xornada.

SEGUNDA

A empresa adxudicataria está obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de prevención de riscos laborais y de calquera outra

que sexa de aplicación pola súa natureza xurídica. O CONTRATISTA comprométese a facilitar ó concello copia da documentación que acredite o cumprimento do anteriormente exposto, cando así sexa requirido.

Así mesmo O CONTRATISTA está obrigado a presentar no concello, copia da póliza de Responsabilidade Civil que garanta calquera eventualidade producida por este a un terceiro no desenvolvemento da súa actividade.

TERCEIRA

O persoal técnico que se encargará dos traballos de mantemento será un técnico especialista electricista e un asistente técnico vinculado directamente co CONTRATISTA. Deste persoal, a empresa CONTRATISTA deberá achegar ó Concello de Boqueixón cando se lle solicite, toda a documentación que acredite a súa relación xurídica laboral e a súa alta na Seguridade Social

O persoal contratado polo CONTRATISTA no será en ningún caso considerado como persoal do Concello de Boqueixón.

CUARTA

A vixencia deste contrato é dun ano desde a súa sinatura, sen posibilidade de prórroga.

QUINTA

O prezo dos servizos que por medio deste contrato pactan as partes, será de SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS (672 euros) máis o IVE correspondente que son CENTO CORENTA E UN EUROS CON DOCE CENTIMOS (141,12 euros) que suman un total de OTOCENTOS TRECE EUROS CON DOCE CENTIMOS (813.12 euros).

Este importe será aboado nun único pagamento e unha vez finalizada a revisión pactada neste contrato, previa presentación da oportuna factura, que deberá cumprir tódolos requisitos legalmente esixibles.

A factura será presentada para a súa tramitación no Servizo de Contratación do Concello de Boqueixón ou ben mediante a plataforma electrónica FACE <http://face.gob.es>

SEXTA

Si non se toman medidas no prazo dun mes determinarase que existe un incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polo contratista, por lo que de conformidade con este contrato, é causa da súa resolución e o contratista quedará suxeito á responsabilidade polos danos e prexuízos que puideran darse.

En conformidade do establecido nas cláusulas, as partes asinan por duplicado este contrato en Boqueixón o día 1 de abril de 2016

Concello de Boqueixón

A empresa Inst. e Serv. Eléctricos MAREI, S.L

Fdo. Ovidio Rodeiro Tato

Fdo. José L. xxxxx

7. Altas no inventario de bens do Concello de Boqueixón

Con ocasión de actualizar os datos que figuran no inventario de bens, a Xunta de Goberno acorda dar de alta os seguintes vehículos que foron adquiridos recentemente e de acordo coas seguintes características:

1 Remolque de emerxencia para as funcións de protección civil e emerxencias

Cedido en propiedade pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo figura na acta asinada con data 9/09/2015

2 Esparexador de sal adaptado a remolques ou vehículos todo terreo para atención ás emerxencias.

Cedido en propiedade pola Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) segundo figura na acta asinada con data 22/01/2016

3 Camión de bombeiros - Matrícula 2658 JFZ

Cedido en propiedade pola Consellería do Medio Rural, segundo resolución do director xeral de Ordenación e Producción Forestal de data 19/11/2015

4 Camión ISUZU – Matrícula 8646 JLN

Cedido en propiedade pola Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) segundo convenio de data 14/03/16.

8. Aprobación convenio para a prestación do servizo urbano de recollida de aceite de cociña usado no Concello de Boqueixón

A xeración de aceites vexetais usados procedentes de uso doméstico, representa unha problemática en canto a súa xestión e xustifica a adopción de sistemas de recollida selectiva de amplo alcance. Estes sistemas deberán facilitar a tarefa de reciclado dos usuarios, garantir a súa correcta xestión e posterior valorización.

A recollida diferenciada dos aceites vexetais (residuos urbanos con código LER 200125, según a orde MAM 304/2002) evita dúas formas de eliminación inadecuada dende o punto de vista ambiental, sexa mediante o seu vertido a rede de saneamento ou a mestura con outras fraccións de residuos como os orgánicos.

A posta en marcha dun sistema de recollida selectiva para os aceites vexetais usados de orixe doméstico, é coherente coas disposicións legais e os plans e programas establecidos en materia de residuos a nivel local, autonómico e nacional.

Por todo o anterior, o Concello de Boqueixón decide iniciar a recollida urbana de aceites de cociña e contar para esa labor coa empresa Procesadora Gallega de Alimentos SL.

Despois de estudar as diferentes posibilidades, decídese que o sistema a empregar sexa a colocación de contedores urbanos de exterior específicos para o aceite vexetal usado. os contedores serán de o tipo “botella dentro”, descartando outros sistemas de recollida e os contedores para aceite “a granel”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o convenio entre o Concello de Boqueixón e a empresa Procesadora Gallega de Alimentos, SL para o servizo

urbano de recollida de aceite de cociña usado no Concello de Boqueixón, que a continuación se transcribe literalmente:

Dunha parte o Concello de Boqueixón con CIF: P1501200H , e da outra a empresa “Procesadora Gallega de Alimentos, SL” con enderezo na estrada Lalín-Rodeiro Km. 2,800 – Lalín – 36.500 – Pontevedra, con CIF nº xxxxx, como xestor de residuos autorizado pola Xunta de Galicia nº 18/2003/15RNP/15-RT/18-U, E Nº SC-I-NP-XA-00009.

ACORDAN:

- 1- Realizar a recollida urbana de aceite de cociña usado no Concello de Boqueixón nos termos que a continuación se especifican:
- 2- A recollida de aceite de cociña usado efectuarase mediante contedores urbanos de exterior deseñados para tal uso (modelo 180) que a empresa instalara en distintos puntos do concello.
- 3- Será responsabilidade de “Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.” o baleirado e mantemento dos contedores urbanos así como o dos seus rótulos non publicitarios.
- 4- Será responsabilidade de “Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.”, emendar calquera dano ou verquido que se ocasione nos contenedores de recollida como consecuencia dos labores de baleirado e mantemento.
- 5- Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.”, entregará o concello documentos xustificativos de cada recollida e, periodicamente, emitirá certificados da súa labor para control e calculo estatístico.
- 6- Será responsabilidade do concello velar polo bo uso dos contedores de recollida, así como a promoción do servizo entre os seus veciños.
- 7- A empresa velará polo bo estado das vías e as instalacións municipais. a tal fin, deberá poñer en coñecemento inmediato do concello calquera incidencia que poida afectar a seguridade e o correcto funcionamento das mesmas. non obstante, o concello emendará os danos ocasionados por calquera causa distinta das labores realizadas pola empresa.
- 8- A empresa prestara o servizo de recollida de aceites de cociña usados de forma gratuíta en todos os locais de hostalaría, colectividade e industria que así o requiran dentro do concello. a recollida efectuarase con envases adecuados para este fin, que se entregan baleiros e limpos e se substitúen por outro recipiente de características iguais no momento da recollida. este servizo inclúe tamén a recollida no punto limpo do concello. A empresa emitirá históricos deste servizo para o seu control.
- 9- As condicións económicas do presente acordo serán as seguintes:
SERVIZO DE RECOLLIDA ANUAL:.....**GRATUITO.**
- 10-De producirse algún ingreso como consecuencia da actividade, (explotación publicitaria, ou outros) os beneficios que se xeren serán empregados na ampliación e mellora do servizo

11.O incumprimento dos termos antes citados por parte do concello, autoriza a empresa a retirada dos contedores e ao remate do servizo.

12. Ambas partes comprométense a respectar a exclusividade recíproca do servizo, de modo que:

12-.1 A empresa non fará acordos iguais ou semellantes ao presente con ningunha entidade ou persoa dentro do concello, acordando sempre as diferentes labores de recollida cos responsables que este designe.

12-.2 O concello non fará acordos iguais ou semellantes ao presente para a recollida de aceites de cociña usados con ningunha entidade ou persoa distinta de “Procesadora Gallega de Alimentos, SL.

A duración do presente acordo será de catro anos a partir da data da sinatura, e prorrogarase por prazos iguais agás que algunha das partes notifique o contrario á outra, con dous meses de adianto ao vencemento.

O emprazamento dos contedores será o seguinte:

- i. Lestedo – Estrada xeral (Entorno illa soterrados).
- ii. Lestedo – Estrada xeral (Entorno supermercado EROSKI).
- iii. Camporrappedo – Grupo contedores (Bar O Nervioso).

En Lalín, os _____ días do mes de _____ de 20__

Asdo e selado por

Asdo e selado por

Procesadora Gallega de Alimentos, SL

Concello de Boqueixón

9. Inicio contratación do xantar “Encontro de Maiores 2016”

O día 4 de xuño de 2016 vaise a realizar o Encontro de Maiores que tódolos anos organiza este concello. Terá lugar no pavillón do Forte.

Como é sabido, aparte doutras actividades programadas para ese día, tamén se organiza un xantar onde, as persoas que o soliciten e aboen os prezos aprobados para o efecto, poden participar.

Estes prezos serán aprobados na Xunta de Goberno do día 7 de abril.

É preciso solicitar presuposto a 3 empresas para adxudicar o xantar, no que participarán arredor dunhas 300 persoas.

O menú que se quere ofrecer será o seguinte:

Empanada
Pulpo
Carne ó caldeiro
Postre
Bebidas e café

Ademáis, a empresa que elabore o menú deberá incluír os medios técnicos e humanos que se precisen para a realización do evento. Estes medios deberán figurar no presuposto que nos presenten para que poidan ser valorados.

O importe máximo por persoa fíxase en 23 euros (IVE incluído)

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar presupostos para a realización do xantar que terá lugar no Encontro de Maiores, e que constará do menú sinalado, ás seguintes empresas:

Congelados Veloso,SL
Ponte Ulla, 15
15885 Vedra

Restaurante A Magdalena
Santiso, 57 – Castrofeito
15824 O Pino

Restaurante Casa Taboada
Goleta, 4 – Loxo
15822 Touro

10. Aprobación prezos do xantar “Encontro de Maiores 2016”

O pleno da corporación en sesión celebrada o día 14 de marzo de 2012 acordou aprobar a ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos e delegar na xunta de goberno a aprobación dos prezos que en cada momento se vaian xerando polas actividades e/ou servizos que se oferten.

O próximo día 4 de xuño, o concello organiza unha vez máis, o Encontro de Maiores no que os participantes deberán facer un copago do gasto do evento, polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1.- Aprobar os seguintes prezos a aboar polos participantes no Encontro de Maiores-2016, que inclúen xantar, transporte, agasallos e animación:

- Persoas de 60 anos ou máis 10€
- Pensionistas: 10 €
- Persoas menores de 60 anos: 22€

11. Prórroga do convenio de colaboración entre os Concellos de Vedra-Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado

A Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de marzo de 2014 acordou aprobar o convenio de colaboración entra os concellos de Vedra e Boqueixón para o desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de voluntariado.

Na cláusula quinta do referido convenio establece a súa vixencia ata o 14 de abril de 2016, prorrogable por acordo expreso do órgano competente.

Por este motivo e sendo de interés para o Concello de Boqueixón continuar co desenvolvemento das actividades de voluntariado xuntamente co Concello de Vedra, a Xunta de Goberno acorda:

1. Prorrogar o convenio de colaboración entre o Concello de Vedra e Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado, ata o 14 de abril de 2018.
2. Comunicar este acordo ao Concello de Vedra, aos efectos que consideren oportunos

12. Solicitude subvención voluntariado xuvenil, ano 2016

No DOG número 58 do 28 de marzo de 2016 publícase a Orde do 11 de marzo de 2016 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

O proxecto de Servizo de Voluntariado Xuvenil que se presenta denomínase: “ Programa de Voluntariado Xuvenil Boqueixón Vedra”.

Este proxecto estará desenvolvido polos concellos de Boqueixón e Vedra, sendo o Concello de Boqueixón o que presenta o proxecto, tal e como se especifica no convenio firmado por ambos os dous concellos, asinado con data 20 de marzo de 2014.

A cada concello corresponderalle un máximo de 10 voluntarios/as, podendo incrementalo no caso de quedar postos vacantes.

A actividade subvencionada comprenderá entre o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2016, cunha duración mínima de 15 e unha máxima de 60 días para cada voluntario/a.

A cantidade subvencionable calcularase a razón de 10 € por voluntario/a e día, dos cales 6 € diarios serán entregados pola entidade ás persoas voluntarias para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mentres os 4 € restantes empregaraos a entidade para cubrir gastos dos seguros, gastos correntes que deriven das actividades de voluntariado, adquisición de material funxible, servizos de comunicación, contratación de persoal técnico e experto.

As actividades a levar a cabo son :

- Accións de animación e desenvolvemento comunitario.
- Accións ambientais.
- Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- Actividades de recuperación da cultura e tradicións populares galegas
- Accións deportivas

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de **12.000 €** (7.200 € para manutención e transporte dos voluntarios e 4.800 para gastos de seguros, material funxible, gastos de formación, e de persoal técnico).
2. Acreditar como representante legal ó alcalde do Concello de Boqueixón.
3. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar , Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

13. Licenzas urbanísticas

Antecedentes:

Con data do 26/02/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/389, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar da xxxxx, na parroquia de Lamas, a nome de D. Javier xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, colexiado nº.: 1.980. O proxecto contempla a maiores, a construción dun peche de parcela, e unha piscina, así como a demolición previa dunha vivenda existente, non tradicional en estado de ruína, con unha superficie construída de 57,93 m2.

Con data do 21 de marzo de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o informe favorable, ao expediente de referencia.

Con data do 04/04/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto básico e execución, visado polo colexio profesional correspondente
- Acreditación da titularidade da parcela, segundo certificación catastral do 01/04/2016
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 110,35 €
- A cesión obrigatoria de 18,22 m2, segundo o proxecto técnico informado favorable
- A solicitude de inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio da coordinación de seguridade e saúde
- A autorización do servizo de infraestruturas (Estrada autonómica AC-240), para a construción dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 21/03/2016
- O informe xurídico, de data do 05/04/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras” a D. Javier xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “demolición dunha vivenda existente, non tradicional en estado de ruína, cunha superficie construída de 57,93 m²”, sita no lugar da xxxxx, na parroquia de Lamas, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A503002300000WS, salvo o dereito de propiedade, e sen prexuízo a terceiros.

Segundo:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras” a D. Javier xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “construción dunha vivenda unifamiliar; peche de parcela e piscina”, sita no lugar da xxxxx, na parroquia de Lamas, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A503002300000WS, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº.: do expediente municipal: 16/389
02. Promotor do expediente: Javier xxxxx
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
05. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar, peche de parcela e piscina
06. Edificabilidade: 279,63 m² (vivenda 231,63 m² + piscina 48,00 m²)
07. Ocupación: 209,73 m²
08. Alturas: S + PB + PBc = 5,49 m
09. Situación e emprazamento: xxxxx - Lamas
10. Referencia catastral da parcela: 15012A503002300000WS
11. Orzamento de execución material das obras: 132.500 €
12. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2.517,50 €
13. Técnico autor do proxecto: Antonio Sabucedo Costa. Arquitecto. Col.: 1.980
14. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 meses (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 anos (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. As obras de demolición, serán executadas, conforme ao anexo para demolición previa de edificación existente na parcela, con número de visado 1506216,6 de data do 24/02/2016, con relación ás medidas de seguridade e saúde para os traballadores, e a xestión de residuos xerados
16. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con número de visado 1506216,1 de datas do 30/09/2015 e do 23/02/2016
17. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*
18. No suposto da instalación dunha grúa, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
19. As condicións da autorización de obras, do servizo de infraestruturas da Xunta de Galicia, (estrada autonómica AC-240), de data do 01/02/2016, con número de expediente

MT205H 2016/000001-1, para a construción dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela, serán de obrigado cumprimento.

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 2.517,50 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de 2.517,50 €, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo ó interesado

14. Concesión altas abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe Conexión á rede
María xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Liliana xxxxx	xxxxx	Xxxxx Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de abastecemento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente.

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
María xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €

Liliana xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €
---------------	-------	--	---------

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente.

15. Comunicación dos importes polas acometidas e contadores, así como baixas e cambios de titularidade do servizo de abastecemento e saneamento, 1º trimestre 2016

Por non acordar no seu momento os prezos de acometidas e contadores nas altas concedidas, con esta data, dase conta á Xunta de Goberno dos importes polas conexións á rede realizadas, así como polas acometidas e contadores colocados polo servizo de abastecemento, durante o primeiro trimestre (xaneiro, febreiro e marzo) de 2016, en base á ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

Así mesmo, tamén se comunican as baixas e os cambios de titularidade correspondentes ós servizos de abastecemento e saneamento que se realizaron durante o primeiro trimestre do 2016:

Importes polas acometidas /contadores:

Nome Abonado con NIF	Enderezo inmoible	Nº Liquid.	Importe Acometida/Contador
Clerio xxxxx	Xxxxx Vilar - Lestedo	LQ 001/2016	24,37 € IVE engadido
Manuel xxxxx	xxxxx- Ledesma	LQ 002/2016	483,98 € IVE engadido
J. Antonio xxxxx	Xxxxx Vilar – Lestedo	LQ 003/2016	24,37 € IVE engadido
María xxxxx	Gándara - Sergude	LQ 004/2016	483,98 € IVE engadido
J. Antonio xxxxx	Xxxxx Vilar – Lestedo	LQ 005/2016	24,37 € IVE engadido
Celine xxxxx	xxxxx – Pousada	LQ 006/2016	483,98 € IVE engadido
Alann xxxxx	Xxxxx Lestedo	LQ 007/2016	24,37 € IVE engadido

Relación de baixas do servizo de abastecemento:

Nome Abonado con NIF	Nº Abonado	Enderezo inmoible
Eduardo xxxxx	43/000316	xxxxx – Boqueixón
Juan Jesús xxxxx	43/001802	xxxxx – A Granxa

Relación de cambios de titularidade:

Nome Abonado con NIF	Nome anterior abonado	Enderezo inmoible
Elena xxxxx	Manuel xxxxx	xxxxx – Sergude
Daniel xxxxx	Mª Cruz xxxxx	Xxxxx – Lestedo
Sonia xxxxx	Miriam xxxxx	Xxxxx Vilar – Lestedo
María xxxxx	Francisco xxxxx	Xxxxx – Donas
Nereia xxxxx	José Luis xxxxx	Xxxxx – Lestedo
Francisco xxxxx	Ángel xxxxx	Xxxxx - Boqueixón

16. Baixas tarxetas estacionamento para persoas con discapacidade

Concesion de dúas baixas tarxetas estacionamento para persoas con discapacidade

17. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde